

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 4 DE XUÑO DE 2015

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día catro de xuño de dous mil quince, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria debidamente convocada para as dezaseis horas de dito día, dando comezo ás dezaseis horas e sete minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. Severino Rodríguez Díaz (Grupo BNG).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo Municipal do BNG: D^a M^a José Vega Buján, D^a Pilar López Martínez, D. Antonino Luaces Díaz, D^a. Rosa Ana Somoza Vila.

Grupo Municipal do PP: D^a M^a Julia Rodríguez Barreira, D. José Manuel Puga Gómez, Dna. Purificación Argiz Quintas, D. Manuel Rodríguez Martínez, D. Fernando Sánchez Méndez, D^a Rosa María Rodríguez Camino. (O Sr.Puga e a Sra.Argiz incorpóranse á sesión no punto 2 da orde do día)

Grupo Municipal do PSOE: D. José Tomé Roca, D. Guillermo Rodríguez Vilaboa, D^a Gloria M^a Prada Rodríguez.

Interventora: D^a M^a Fe González Marquina.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asisten D^a Ana María Casal Rivas (BNG), D. José Luis Rodríguez Rivera (BNG) e D^a M^a José González Rodríguez (PSOE).

O Sr.Alcalde abre a sesión e en primeiro lugar somete a decisión plenaria a ratificación da inclusión na orde do día dos puntos 2 ou 3, por non ter sido ditaminados, de acordo co art.82.3 do ROF, e polas razóns de urxencia que constan na convocatoria. Apróbase por unanimidade.

A continuación, dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1. ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 5 DE MAIO DE 2015.

Non hai ningunha observación respecto ao borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a Acta da sesión ordinaria do 5 de maio de 2015.

2. AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA.

Presentouse pola actual adxudicataria, "GRUPO PAZOS, SALUD Y OCIO, S.A.", pola que xestionaría o servizo polo tempo que reste de contrato, "ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L.", e pola administración concursal da primeira, comunicación -con solicitude de autorización municipal- da cesión do contrato do servizo de xestión da piscina municipal, sendo cedente a actual adxudicataria e cessionaria "ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L.".

A estes efectos, é de aplicación o art.226 do texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que di o seguinte:

"*1. Los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el adjudicatario a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. No podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si éstas constituyen un elemento esencial del contrato.*

2. Para que los adjudicatarios puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros deberán cumplirse los siguientes requisitos:

- a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión.*
- b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de la gestión de servicio público, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el adjudicatario en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación.*
- c) Que el cessionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incursio en una causa de prohibición de contratar.*
- d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cessionario, en escritura pública.*

3. El cessionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente."

Vistos os informes técnicos municipais ao respecto e a proposta da Alcaldía, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Autorizar a cesión do contrato do Servizo público de xestión e explotación da Piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais

incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da Pinguela, sendo o cedente a empresa “GRUPO PAZOS, SALUD Y OCIO, S.A.”, e a cesionaria a empresa “ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L.”.

SEGUNDO.- A cesión autorízase nos termos instados polas dúas empresas e deberá formalizarse en escritura pública de acordo co art. 226 da Lei de Contratos do Sector Público.”

Neste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.José Tomé Roca, portavoz do Grupo do PSOE, que di que o problema que xurdiu pola entrada da empresa en concurso de acreedores, foi algo que preocupou moito. Tratamos de axudar, alá por outono presentamos unha moción, que foi aprobada, para dotar á Alcaldía de ferramentas neste asunto. Pediuñenos silencio e discreción, así o fixemos. Os traballadores da piscina tiveron un papel positivo e responsable, dentro da defensa dos seus dereitos. Fixeron un bo papel a empresa e a administración concursal, e tamén o Concello. Por iso, o noso voto é favorable.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que temos a satisfacción de que o conflito chegue ao seu fin. Actuamos con rigor, tamén preguntando polas xestións que se levaban a cabo. Chaman a atención as condicións da empresa cesionaria, pero os informes son favorables. Facemos un recoñecemento aos traballadores da piscina. Mostramos satisfacción pola certeza para os usuarios de continuidade do servizo. É deseñable máis sorte para a empresa que desenvolverá en adiante o servizo. O voto é favorable.

De Dna.M^a José Vega Buján, portavoz do Grupo do BNG, que di que non vai facer un relatorio do conflito da piscina. Aquí e en Vilalba, quen estaba en concurso non era o Concello. Hoxe toca alegria e recoñecer que as cousas remataron ben. Tense criticado ao Alcalde por opacidade neste asunto, el dixo que avogaba pola prudencia e por ser cautos. Nós non temos a vara máxica nestas cousas. Hoxe tamén me gustaría felicitar publicamente ao Alcalde da nosa cidade pola boa xestión, malia as críticas. Se non tivese saído ben, habería críticas. É de xustiza felicitar se o caso é o de hoxe.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, que lamenta que a Sra.Vega arremeta contra preguntas que fixo o PP, que tiña dereito a preguntar. Cando o Alcalde no último Pleno felicitou ao PSOE por non preguntar, ao mellor era porque non o necesitaba. Non deixa de chamar a atención que a cesión é aos mesmos. Non me critique cando incluso hoxe hai un fax preguntando. Cremos que houbo falta de transparencia e que chega a cesión dun xeito peculiar. Non teño inconveniente en felicitar que se chegue a este final.

Do Sr.Alcalde, que di que ninguén cuestionou as preguntas. Se hoxe estivesemos aquí sen esta solución, o menor calificativo para míni sería incompetente. Temos a solución. Como concepto político e de xustiza, se un é criticado cando non se consegue o obxectivo, tamén hai que felicitar no éxito, iso foi o que fixo a miña compañeira. É unha reflexión, non porque necesite eu afagos.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE QUE AFECTA A UNHA PARCELA ENTRE AS RÚAS “SANTA CLARA” E “A VEIGA”, DE MONFORTE DE LEMOS.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 10 de abril de 2015, acordou o seguinte:

“APROBACIÓN INICIAL ESTUDO DE DETALLE.- Examinado o expediente , visto o proxecto redactado por D. José Angel Santos Ferro e vistos os informes emitidos polo Aparellador Municipal de data 8 de abril de 2015 e da Secretaría municipal da mesma data, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte ACORDO:
PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Estudo de Detalle para a ordenación do volume dunha edificación e reaxuste da alineación nunha parcela situada entre as rúas Santa Clara e Veiga (antes rúa Manuel Antonio) desta cidade.

SEGUNDO. Someter a aprobación inicial a un período de información pública por prazo de vinte días mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na Provincia.

Durante o período de información pública, quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo, aos efectos de que se presenten alegacións e suxestións que se consideren pertinentes

TERCEIRO. Notificar aos propietarios e demais interesados directamente afectados o Estudo de Detalle.

CUARTO. Suspender o otorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito territorial afectado o Estudo de Detalle, ata a súa aprobación definitiva.”

Fíxose a exposición pública regulamentaria mediante anuncios no DOG e nos diarios “El Progreso” e “La Voz de Galicia”. Non se presentou ningunha alegación en dito trámite.

Tendo en conta que a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, refírese aos estudos de detalle no parágrafo 2 do artigo 86, que ten por título “Tramitación de planeamento de desenvolvemento”, parece lóxico interpretar que a aprobación definitiva correspónelle ao Pleno, de acordo co art. 22.2.c) da Lei 7/1985.

Por iso, a proposta da Alcaldía, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

ACORDO

Aprobar definitivamente o Estudo de Detalle para a ordenación do volume dunha edificación e reaxuste da alineación nunha parcela situada entre as rúas “Santa Clara” e “A Veiga”, en Monforte de Lemos.

Neste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D.José Tomé Roca, portavoz do Grupo do PSOE, para deixar constancia de que sendo os informes favorables e non tendo habido alegacións, o voto é a favor.

De Dna.Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que coincide co anterior interveniente, sen prexuízo da insuficiencia da información pública para algúñ afectado que se puido notificar.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as dezaseis horas e vinte e un minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,

